



CIRCULAR 39-2020.

XLIII CAMPIONATO DE GALICIA SUB20 E XXXIII CAMPIONATO DE GALICIA SUB 16 DE PISTA CUBERTA.

- A todas as Delegacións da FGA
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1) A Federación Galega de Atletismo organiza o **Campionato de Galicia Sub20 e Xub 16 o 7 de marzo** na pista cuberta de Ourense en Expourense.

Art.2) Poderán intervir todos/as aqueles/as atletas das categorías Sub16 e Sub 20, que se atopen en calquera das seguintes condicións e que teñan as marcas mínimas solicitadas ou que habendo prazas libres nas finais estean preto de ditas marcas.

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2020) por algún Club pertencente a Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A. aínda que pertencen a Clubs doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos/as convidados/as expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 3 de marzo do 2020.** Unha vez rematado o prazo ordinario de inscrición abrirase outra pasarela para poder facer inscricións fóra de prazo ata o xoves ás 14:00. O director técnico determinará cales delas se aceptan en función do horario e da posible repesca de atletas. Multa por fóra de prazo de 3 euros.

Art.4) Limitación de probas na Categoría Sub 16:

- Cada atleta só poderá inscribirse nun máximo dúas probas nas que teña mínima. Os que estean sen mínima poderanse inscribir en varias.
- No caso de participar en dúas carreiras, só unha poderá ser de distancia superior ós 200 metros.
- Unha vez publicadas as listas de admitidos, aqueles atletas que se inscribían en varias probas por non ter a mínima solicitada, deberán darse de baixa se superan o máximo de probas permitidas (dúas). No caso de non facelo antes do xoves as 11:00 a FGA o borrará daquela na que teña peor posto.

Art.5) Os/As atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible en toda a súa superficie no peito, agás nos saltos que poderán levalo por diante ou nas costas. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

Art.6) Marcas mínimas:

HOMES	REALIZADAS NA TEMPADA 2018/2019 AO AIRE LIBRE (dende 31 marzo 2019)			REALIZADAS NA TEMPADA 2018/19-20 AO AIRE LIBRE OU PISTA CUBERTA (dende o 1 de nov 2019)		
	SUB20	SUB16	SUB14		SUB20	SUB16
100/80	12.00	12.80	10.85			
200/150	24.20		21.20	50	6.50	6.80
400/300	55.50	41.25		60	8.10	8.35
500/600		1.42.00	1.26.00	200	24.60	
800	2.05.00			300		43.00
1.000		3.00.00	3.05.00	400	56.00	
1.500	4.20.00			500/600		1.48.00
3.000 /2000	9.20.00	10.45.00	7.30.00	800	2.08.00	
5.000				1.000		3.10.00
110v/ 100v/80v	19.24	19.50	16.90	1.500	4.25.00	
400/300v/220v	1.07.00	50.00	37.20	3000	9.35.00	11.00.00
1.500/2.000 Obs		5,25,00	3,35,00	50v	9.25	9.75
3.000 Obs.	10,45,00			60v	10.50	11.25
Lonxitude	5.90	5.05	4.70	Lonxitude	5.90	5.15
Triplo Salto	12,20	11,30	10,80	Triplo Salto	11,95	11,00
Altura	1.62	1.56	1.45	Altura	1.58	1.48
Pértega	3.10	2.40	2.05	Pértega	3.00	2.20
Peso	11.00	10.57	8.84	Peso	10.50	9.25

MULLERES	REALIZADAS NA TEMPADA 2018/2019 AO AIRE LIBRE (dende 31 marzo 2019)			REALIZADAS NA TEMPADA 2018/19-20 AO AIRE LIBRE OU PISTA CUBERTA (dende o 1 de nov 2019)		
	SUB20	SUB16	SUB14		SUB20	SUB16
100/80	13.90	13.90	11.80			
200/150	28.90		21.50	50	7.30	7.40
400/300	1.09.00	45.85		60	8.90	8.90
500/600		1.52.00	1.32.00	200	29.50	
800	2.35.00			300		47.00
1.000		3.25.00	3.30.00	400/500	1.10.00	
1.500	5.30.00			600		1.55.00
3.000 /2000	12.00.00	12.00.00	8.00.00	800	2.42.00	
5.000				1.000		3.35.00
100 / 80v	20.54	19.50	16.00	1.500	5.30.00	
400/300v	1.18.00	53.50	38.00	3000	12.10.00	12.30.00
1.500/2.000 Obs		6,10,00	3,50,00	50 v	10.00	9.25
3.0000bs.	13.15.00			60 v	11.50	10.50
Lonxitude	4.70	4.65	4.30	Lonxitude	4.50	4,65
Triplo Salto	10.10	9.90	9.00	Triplo salto	10,00	9,60
Altura	1.44	1.43	1.34	Altura	1.42	1.38
Pértega	2.45	2.10	1.90	Pértega	2.40	2.00
Peso	8.50	8.87	7.43	Peso	8.20	8.55



Art.7) Os/as tres primeiros/as atletas clasificados/as de cada categoría do Campionato recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Art.8) O horario provisional do Campionato:

XORNADA DE MAÑÁ						
60 H Sub 16-20	Elimin.	10:30	Lonxitude M Sub 16	Peso 6kg H Sub 20		
60 M Sub 16-20	Elimin.	11:00			Altura M	Pértega H
600 H Sub 16	Finais	11:30	Lonxitude M Sub 20			
600 M Sub 16	Finais	11:45				
800 H Sub 20	Finais	12:00				
800 M Sub 20	Finais	12:15				
200 H Sub 20	Semifinais	12:30	Lonxitude H Sub 20			
200 M Sub 20	Semifinais	12:45				
300 H Sub 16	Semifinais	13:00		Peso 4kg H Sub 16		
300 M Sub 16	Semifinais	13:20	Lonxitude H Sub 16			
60 H Sub 16-20	Semifinais	13:40				
60 M Sub 16-20	Semifinais	13:50				
XORNADA DE TARDE						
60 mv H Sub 16-20	Semifinais [^]	16:45	Triplo H Sub 16	Peso 4kg M		
60 mv M Sub 16-20	Semifinais [^]	17:10			Altura H	
1000 H Sub 16	Finais	17:25				
1000 M Sub 16	Finais	17:35				Pértega M
60 H Sub 16-20	Final	17:45	Triplo H Sub 20			
60 M Sub 16-20	Final	17:55				
1500 H Sub 20	Finais	18:05				
1500 M Sub 20	Finais	18:15				
3000 H Sub 16-20	Finais	18:25	Triplo M Sub 20			
3000 M Sub 16-20	Finais	18:42		Peso 3kg M		
400 H Sub 20	Finais	19:00				
400 M Sub 20	Finais	19:10				
200 H Sub 20	Final B-A	19:20	Triplo M Sub 16			
200 M Sub 20	Final B-A	19:30				
300 H Sub 16	Final	19:40				
300 M Sub 16	Final	19:45				
60 mv M Sub 16-20	Final	19:50				
60 mv H Sub 16-20	Final	20:05				

O horario só é orientativo. * En caso de no ter que se celebrar as semifinais de algunha categoría celebraranse as finais na hora das semis.

Cadencia dos listóns no Salto de Altura: publicarase unha vez rematado o prazo de inscrición

Cadencia dos listóns no Salto con Pértega: publicarase unha vez rematado o prazo de inscrición



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

SAÍDA A PISTA TRAS A PRESENTACIÓN EN CÁMARA DE CHAMADAS

Carreiras: 5 min antes da hora oficial da proba

Carreiras valadas: 10min antes da hora oficial da proba

Concursos (agás pértega): 25min antes da hora oficial da proba

Pértega: 45min antes da hora oficial da proba

Art.9) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@atletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos)
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art.10) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e I.A.A.F. (W.A)

A Coruña, 26 de febreiro de 2020



Secretaría Xeral da Federación Galega de Atletismo